

Secundaria

1

Áreas




TECNOLOXÍA



XEOGRAFÍA
E HISTORIA



BIOLOXÍA E
XEOLOXÍA



INICIACIÓN
Á ACTIVIDADE
EMPRENDEDORA
E EMPRESARIAL

0 ciclo sen fin

Obxectivos, oportunidades, ideas e conceptos

1. Sensibilizar cara ao problema da xestión dos residuos e entender as súas implicacións a nivel local e global.
2. Interpretar cifras relacionadas co problema dos residuos.
3. Comprender como funciona o ciclo dos envases.
4. Saber que é Ecoembes e cal é o seu papel.
5. Identificar o papel de deseñadores, fabricantes-enzasadores, distribuidores, consumidores, institucións, plantas de selección e empresas de reciclaxe.
6. Ser capaces de detectar erros comúns na separación de residuos.

O ciclo sen fin

● Esta actividade é para...

Ver circuítos desde a globalidade, comprendendo onde se poden exercer cambios positivos. Traballar en equipo, distribuír tarefas e facer postas en común.

● Que necesitamos?


Computadores conectados a internet. Lousas, cartolinas ou papel de embalar. Rotuladores, post-its, tesoiras, cinta adhesiva e pegamento.

● Que imos facer?

Forraremos as paredes da clase cunha banda de papel de embalar, de forma que onde termina o papel dunha parede continúe coa seguinte (tamén podedes usar cartolinas de cores), para simular un circuítio sen fin. Logo dividiremos a clase en grupos, para que cada un busque información sobre o papel que desempeñan no ciclo de reciclaxe os seguintes axentes:

Grupo 1: ecodeseñadores **Grupo 2:** envasadores-productores **Grupo 3:** institucións
Grupo 4: consumidores **Grupo 5:** plantas de selección **Grupo 6:** empresas de reciclaxe

Cada grupo disporá dun espazo no mural colectivo para describir que fai a súa parte e que accións positivas poderían facer. Designarase un portavoz para, ao final da clase, explicalo aos demais. O profesor exercerá de moderador e el, ou un secretario designado, fará o resumo final de ciclo dos envases.



Seguimos?

Visitar unha planta de selección, unha fábrica de produtos de gran consumo ou unha empresa de reciclaxe sería un complemento ideal para visualizar este ciclo.